



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: DANZA TRADICIONAL GALEGA

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñece-la música tradicional galega a través da danza e valorar esta como expresión cultural do pobo.
- Coñecer outros aspectos relacionados co mundo da danza tradicional galego coma os traxes e as súas partes.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñece-las principais manifestacións musicais danzadas de Galicia, relacionándoas coas formas e xéneros musicais coñecidos.
- Aprender as diferentes estruturas e movementos da danza galega relacionando coas figuras de danza máis comúns.
- Establecer uns criterios mínimos á hora de estudar-las diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas, asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Fontes para o estudo da danza tradicional e popular galega.
- Principais estudos, cancioneros, antoloxías audio visuais e fontes.
- Estudos folclóricos sobre a danza e o traxe popular galego.
- Organización e criterios de clasificación do corpus musical tradicional. Ordenación, sistematización e estudo do repertorio.
- As danzas antigas e as súas descrições

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Estudo das condicións socio económicas, administrativas e culturais de Galicia, a través de estudos antropolóxicos ou etnográficos de diferente índole.
- O traxe tradicional como obxecto etnográfico.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Visita e entrevista a un grupo de recollida de danzas tradicionais.
- Asistencia a festivais e xornadas de danza



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: DANZA TRADICIONAL GALEGA

- Comentario de texto, estudos e relatorios que traten sobre a danza tradicional galega.
- Recensión de libros, propostos polo profesorado.
- Coñecemento e realización de pasos e bailes concretos.
- Iniciación á escritura coreográfica, empregando diversos tipos de linguaxe: musical, representación plástica, códigos propios, etc.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, nas actividades habituais realizadas na clase.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)
- Realización dun traballo de descrición

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Actitude crítica ante o repertorio considerado “tradicional e popular galego”, separando a música de carácter etnomusicolóxico de outras consideradas “folclóricas” e emitidas polos medios de comunicación, especialmente pola televisión nos canles autonómicos.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Responsabilidade á hora de coñecer en profundidade a historia da música galega, considerando unha postura activa, e razoada, ante a súa transmisión e conservación.

CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición de Galicia, extensiva a outras manifestacións populares do Estado Español, Europa ou o mundo.
- Interese polo coñecemento das diferentes posturas ideolóxicas en relación coa cultura galega a través dos séculos.

MINIMOS ESIXIBLES

- Presentarase un traballo individual ou en grupo. A extensión do traballo dependerá



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: DANZA TRADICIONAL GALEGA

do número de alumnos que forman o grupo e pode ter os seguintes perfís:

- Traballo de investigación e descrición de danzas locais.
- Traballo teórico de descrición das formas fundamentais da danza en Galicia.
- Traballo de catalogación e clasificación dos grupos de danza dunha zoa acordada polo profesor e o alumno.
 - Realizar os pasos básicos das danzas máis representativas: muiñeira, xota, vals, polca, pasodobre e fandango.
 - Participar activamente nas actividades da aula

METODOLOXÍA

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

ORGANIZACIÓN DA MATERIA

- A materia preséntase ó longo da especialidade nun só curso, e concretamente no segundo. Dado que os contidos da materia “Música Tradicional e Popular Galega” están orientados cara á visión ampla da música da nosa cultura no primeiro curso (historia, características, cancioneros, organoloxía...), e no segundo ó análise, parece lóxico considera-la danza tradicional como complemento a formación proporcionada por esta materia fundamental de “Música Tradicional e Popular Galega”, distribuída ó longo dos catro cursos. A coincidencia dela no segundo curso, dedicado integramente ó análise dos diferentes cancioneros vocais e instrumentais, orienta o traballo da materia de “Danza” cara ó estudio das obras que versan sobre ela.
- Manterase unha relación continua con grupos de danza con vistas a realizar documentos gráficos que poidan valer para realizar esquemas das figuras e movementos individuais e de grupo.
- Se pondrán en práctica distintos e pasos e coreografías propostas polo profesor e polos alumnos.

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais, máxime tendo en conta o número de alumnos presentes.

Cando se realicen traballos en grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados.

Cando se realicen actividades de movemento, se deixará libre a parte central da aula para realiza os desplazamentos con comodidade.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: DANZA TRADICIONAL GALEGA

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos deben estar vinculados coas actividades propostas.
- Socialización: a través do traballo en equipo considerado nalguna das actividades.

MÉTODO DIDÁCTICO EMPREGADO

- Aprendizaxe por descuberta: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada explicación, exercicio ou visita realizada, relacionando o aprendido co que xa coñece do repertorio danzado para o instrumento principal ou, especialmente, desde as actividades realizadas fóra do centro, previa o simultaneamente ós estudos realizados neste curso.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, artigos, relatorios, estudos, e mailas fotocopias de páxinas dos cancioneros tratados.
- CDs coas audicións tratadas.
- Bibliografía básica.
- Cámara de vídeo.
- Reprodutor de DVD

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analiza-lo papel desempeñado pola danza tradicional de forma cotiá, valorando á contribución á entidade cultural galega, así como á súa propia formación e benestar persoal.
- Recoñece-lo papel desempeñado pola danza tradicional galega, sendo capaz de establecer relacións entre a expresión corporal como cultura e as diferentes manifestacións literarias, artísticas, sociolóxicas, etnolóxicas e antropolóxicas de forma exigua, tendo en conta o coñecemento previo, así como a madurez debida á idade do alumnado.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: DANZA TRADICIONAL GALEGA

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1 Instrumentos de avaliación

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, participación nos bailes, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.
- Traballos individuais e grupais.
- Interpretación das danzas

2. Sistemas de Cualificación

- Se calificarán os traballos de 0 a 10

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

S.D

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Visita ó grupo de danza Corisco

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

SD

Bibliografía:

- **Albán Laxe, Calixto:** *O saber do pobo :Enciclopedia do traxe ,danza e músicas tradicionais* Ed. Xerais.Vigo 2003
- **Linares, Juanjo:** *O baile en Galicia.* Ed. Galaxia. Vigo 1986
- **Fraguas y Fraguas, A.:** *El traje gallego.* Ed. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 1985.
- **VV.AA:** *Galicia fai dos mil anos. O feito diferencial galego, vol. I e II.* Ed. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1998.